

**ACTA DA SESION ORDINARIA DO ILTMO. CONCELLO PLENO  
CORRESPONDENTE O DIA 31 DE XANEIRO DO 2002.-**

Na Casa Consistorial do Iltmo. Concello de Ribadavia, o día trinta e un de xaneiro do dous mil dous; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para procederen á celebración da sesión ordinaria do Concello Pleno oportunamente convocada: Alcalde-Presidente, Don José Pérez Iglesias.- Concelleiros: Don Francisco Alonso Fernández, Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Don Julio Dabarca Cuiñas, Dona María José Escudero Estévez, Don Miguel Fidalgo Areda, Dona Manuela Iglesias Collarte, Don Marcos Blanco Jorge, Don Xosé Prieto Pérez, Dona Maria Martínez Abal, Don Secundino Rodríguez Gómez, Don Celso Sotelo Barroso e Don Antonio Domínguez Lorenzo que se incorpora no punto 3º da Orde do Día do Pleno.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental do Concello, Don Vicente Soto Rodriguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó desenvolvemento dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA ULTIMA  
SESION CELEBRADA, QUE FOI A DO 27 DE DECEMBRO PASADO  
(Ordinaria).-**

A Corporación Municipal, por unanimidade, presta aprobación ó borrador da Acta da última sesión celebrada, que foi a do 27 de Decembro pasado (Ordinaria).

**2.- DAR CONTA DE DECRETOS E RESOLUCIONS DA ALCALDIA,  
SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-**

O Pleno dáse por enterado das seguintes:

Do 30 de novembro, sobre aboamentos.

Do 7 de decembro, sobre aboamentos.

Do 10 de decembro, sobre aboamentos.

Do 17 de decembro, dúas sobre aboamentos.

Do 18 de decembro, sobre aboamentos.

Do 20 de decembro, sobre aboamentos.

Do 26 de decembro, dúas sobre aboamentos.

Do 27 de decembro, tres sobre aboamentos.

Do 27 de decembro, sobre aprobación á inclusión no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello.

Do 27 de Decembro, sobre contratación de persoal para a realización de servizos municipais.

Do 27 de Decembro, sobre obras e outros asuntos da súa competencia.

Do 28 de decembro, sobre aprobación á inclusión no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello.

Do 29 de Decembro, sobre contratación de persoal para a realización de servizos municipais.

Do 31 de Decembro, dúas sobre aboamentos.

Do 2 de xaneiro, dúas sobre aprobación á inclusión no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello.

Do 2 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 3 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 4 de xaneiro, sobre aprobación á inclusión no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello.

Do 4 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 7 de xaneiro, sobre contratación de persoal para realización de servizos municipais.

Do 7 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 8 de xaneiro, sobre aprobación á inclusión no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello.

Do 8 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 9 de xaneiro, sobre aprobación á inclusión no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello.

Do 9 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 10 de xaneiro, sobre obras e asuntos da súa competencia.

Do 10 de xaneiro, sobre nomeamento de membros da Mesa de contratación da obra denominada " Construccións de muros e pavimentacións de Camiños Rurais".

Do 10 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 11 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 14 de xaneiro, sobre aprobación á inclusión no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello.

Do 14 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 15 de xaneiro, dúas sobre contratación de persoal para a realización de servizos municipais.

Do 15 de xaneiro, sobre aprobación á inclusión no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello.

Do 16 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 17 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 18 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 18 de xaneiro, sobre obras e outros asuntos da súa competencia.

Do 22 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 23 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 25 de xaneiro, sobre aboamentos.

**3.- APROBACION, SE PROCEDE, DO PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERAN O CONCURSO PARA A XESTION INDIRECTA DO SERVICIO MUNICIPAL DE RECOLLIDA, RETIRADA E TRANSPORTE DE VEHICULOS DAS VIAS PUBLICAS.-**

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Servizos, Medio Ambiente, Persoal e Réxime Interior, que inclúe Policía Local e Tráfico celebrada o pasado 24 de Xaneiro que di: " Intervén Don Celso Sotelo Barroso, Presidente efectivo da Comisión para dar conta do Prego para a concesión do servizo de recollida e retirada de vehículos e outros obstáculos da vía pública conforme se acha no expediente.

Despois de breves intervencións dos presentes, de seguido sométese a consideración dos señores asistentes a

aprobación ou non do devandito prego, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.P.); reservanse para o pleno os membros do P.S.O.E., Grupo Mixto e B.N.G..- Por conseguinte, por maioría, fica dictaminado favorablemente".

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, Concelleiro do grupo mixto, para sinalar que o prego que se presenta é semellante ó aprobado con anterioridade e tendo en conta o seu anterior voto favorable por coherencia vai a votar a prol do mesmo.

Intervén Don Francisco Alonso Fernández, Concelleiro do grupo municipal do B.N.G., para sinalar que este prego é semellante o xa debatido no Pleno con algunha modificación; di que esta cuestión ten a súa orixe na construción do aparcamento da Alameda e na aprobación da modificación da Ordenanza de Circulación, asuntos no que o seu grupo votou en contra, razóns estas máis ca suficientes para manifesta-la súa oposición ó asunto obxecto de aprobación.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para manifesta-lo seu posicionamento en contra, xa que esta medida ven determinada pola aprobación dunha Ordenanza de Circulación chapuceira e para tratar de beneficiar a unha empresa que ten un negocio de aparcamento.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, Concelleiro do grupo municipal do P.P., para sinalar que considera que é necesario o servizo municipal de grúa e que a súa implantación nada ten que ver co aparcamento subterráneo.

Esgotado o debate, o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non do devandito Prego, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, seis, P.P ( coa excepción de Dona María José Escudero Estévez) e o integrante do Grupo Mixto (Don Antonio Domínguez Lorenzo); votos en contra, seis (P.S.O.E. e B.N.G.); abstención, unha (Dona Maria José Escudero Estévez). De seguido procédese de novo á votación obténdose o mesmo resultado polo que polo voto de calidade do Sr. Alcalde, fica aprobado o devandito Prego.

#### **4.- MOCIONS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., fai a presentación da seguinte moción de urxencia:

**PRIMEIRA.-** "Con esta carta a Corporación Municipal quere expresar a súa preocupación sobre o caso de Safiya Yakubu Hussaini, de 30 anos, residente da cidade de Tungar-Tudu no estado de Sokoto, condenada a morte pola lapidación o pasado mes de outubro de 2001 polo tribunal de Sharia en Gwadabawa estado Sokoto, Nixeria, polo presunto delito de adulterio.

Sumámonos ás preocupacións de Amnistia Internacional sobre este caso e, pregámoslle que a sentenza de lapidación contra Safiya Yakubu Hussaine non se leve a cabo.

Consideramos que, a lapidación é unha aplicación intencional de dor e sufrimento extremo contra o que tódalas persoas están protexidas pola Convención contra a Tortura que ratificou a República Federal de Nixeria o 28 de xuño de 2001 e, opoñémonos incondicionalmente á utilización da flaxelación, á amputación de membros e, á lapidación coma formas de castigo xa que constitúen castigos crueis, inhumans e degradantes baixo o dereito internacional, incluídos varios tratados asinados e ratificados por Nixeria.

Sr. Embaxador, o goberno de Nixeria ten a obriga de protexe-las vidas de tódolos seus cidadáns dun xeito xusto e equitativo. Solicitamos que, o Goberno Federal tome tódolas medidas necesarias para asegurar que os dereitos de Safiya sexan respetados.

Pidimos a Vd. preste a atención a este escrito e, transmita as nosas preocupacións ó seu goberno".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

**SEGUNDA.-** " A vista dos datos que presenta a liquidación da Mancomunidade de Concellos do Ribeiro referentes ó ano 2001, que entrou neste Concello o pasado 28 deste mes, e repasando os datos dos últimos anos referentes ó servizo do Matadoiro, que resumimos no seguinte cadro:

ANO	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000
Ingresos	13.001.712	20.989.289	32.259.506	33.275.305	26.061.857	36.252.616	41.164.500
Gastos	14.529.022	21.903.343	32.354.142	33.366.505	26.202.438	36.025.986	51.164.500

Total    -1.527.310 -914.054    -94.636    -91.200    -140.581    +226.630    -  
10

nos asusta pensar na progresión xeométrica do déficit que acompaña a este servizo dende que o Alcalde de Ribadavia é o Presidente da citada Mancomunidade e que de ter continuación neste ano 2002 nos pode levar a uns 25 millóns de déficit.

De novo repasando entre os datos, resulta moi ilustrativo o aumento dos salarios que pasou de aproximadamente 10 millóns no ano 1998, a 15,48 millóns no ano 1999 e a 25,889511 millóns no ano 2000 (fáltannos os datos do ano 2001, pero supoñemos que pasará dos 30 millóns). Do mesmo modo resulta chocante o gasto de enerxía eléctrica: de 3,383159 millóns no ano 1994 ata 3,994079 no ano 1997, 2,612509 no ano 1998, 4,712287 no ano 1999 e 6,303500 no ano 2000. (Fáltannos os datos do ano 2001 pero supoñemos que pode rondar os 8 millóns).

vista desta situación, para nós, alarmante e ante a falta de tódolos parámetros que poidan xustificar esta evolución e na defensa dos intereses do Concello de Ribadavia e dos seus veciños, é polo que propoñemos a este Pleno que tome os seguintes acordos:

1º. Exixir da mancomunidade que nos faga chegar a seguinte documentación:

a) Estadillo completo da plantilla de persoal, categoría profesional, tipo de contrato, ano de contratación, soldos, horas extraordinarias dende o ano 1994.

b) Estadillo completo das matanzas realizadas (vacún, porcino, caprino e ovino), peso e taxas cobradas dende o ano 1994.

c) Taxas oficiais da mancomunidade dende o ano 1994.

d) Relación de carniceros e empresas que mataron coas liquidacións practicadas e detalle do sacrificado en tipo de animais e peso, dende o ano 1994.

e) Acordos ou convenios con empresas ou colectivos para a utilización do matadoiro e acordos de precios.

f) Horarios de funcionamento do Matadoiro e do persoal dende o ano 1994.

g) Relación de morosos ou incobrados dende o ano 1994.

h) Compra de maquinaria, reposición de maquinaria e relación de subvencións recibidas para a compra de maquinaria dende o ano 1994.

i) Funcionamento da Depuradora, denuncias e multas recibidas dende o ano 1994.

j) Relación de sacrificios realizados entre as 20:00 horas e as 8:00 horas dende ano 1994.

2º. Exixir da Mancomunidade que a partires deste ano 2002, envíe directamente a este Concello copia de tódalas actas (Pleno, Comisión de Goberno e Comisión Especial de Contas); así como as liquidacións anuais e resumos anuais para a súa consulta por tódolos Concelleiros e que se faga así con tódolos Concellos da Mancomunidade.

3º. Relación detallada dende o ano 1994 das distintas partidas ingresadas na Mancomunidade por parte de tódolos Concellos no apartado de Amortizacións de maquinaria, relación das partidas gastadas e en que se gastaron. Queremos así mesmo que se nos diga cal é a conta especial de amortizacións e o seu estado actual. En Ribadavia, a 31 de Xaneiro de 2002.- Asdo.: Francisco Alonso Fernandez e Fco. Xabier Carreira Sebío".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., fai a presentación das seguintes mocións de urxencia:

**PRIMEIRA.-** "Os Concellais que suscriben, acolléndose ó previsto no artigo 46 da LR Bases de Réxime Local e do artigo 82 do R.O.F. presentan ante o Pleno polo trámite de URXENCIA a seguinte MOCION:

Ó comenzo da lexislatura o Pleno da Corporación acolléndose ó previsto no artigo 22 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 50 e 51 do R.O.F., acordou delegar diversas COMPETENCIAS DO PLENO na Comisión de Goberno. Ó longo deste tempo téñese evitado dar conta e/ou o Dictame da Comisión Informativa tal como esixe a Lei, utilizándose este sistema para evitar o coñecemento dos

Grupos de diversos asuntos de interés municipal. Asimismo téñense tratado moitos asuntos pola Comisión de Goberno en contra do criterio da maioría da Corporación. Co fin de evitar esta situación é polo que presentamos a seguinte PROPOSTA:

O Pleno da Corporación, según o previsto no artigo 114 do R.O.F. acorda REVOCAR a Delegación de Competencias realizada na Comisión de Goberno ó principio da lexislatura, polo que a partir de hoxe tales competencias serán exercidas polo Pleno según o previsto na Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e demais normativa aplicable. Ribadavia, a 31 de xaneiro de 2002".

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que esta moción ten por obxecto lograr un maior control polo Pleno dos asuntos municipais e conseguir unha maior democratización da vida municipal.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para sinalar o apoio do seu grupo á moción presentada, xa que polo tempo que levamos de lexislatura é evidente a falta de transparencia en moitos temas, pensa que é recuperar a orixe do Pleno. Finaliza a súa intervención dicindo que é unha medida axeitada e positiva para que os temas de importancia se discutan no Pleno.

Intervén Don Xosé Pérez Iglesias, Alcalde-Presidente do Concello, para sinalar que as regras da democracia dálle esa posibilidade, se ben esta é unha medida que adoptan tódolos gobernos en aras a unha maior axilidade da vida municipal.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, cinco (P.P.); abstención unha (Don Antonio Domínguez Lorenzo). Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a urxencia da moción presentada.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Dona María José Escudero Estévez e Don Antonio Domínguez Lorenzo); votos en contra, cinco (P.P.).- Por conseguinte fica aprobada por maioría absoluta a moción presentada.



**SEGUNDA.-** " Os concellais que suscriben, con arreglo ó previsto no artigo 46 da Lei R.B.R.Local e artigo 82 do R.O.F., presentan ante o Pleno a seguinte MOCION polo trámite de URXENCIA:

Ó comenzo da lexislatura e tendo en conta o previsto no artigo 38 do R.O.F. entre outros tomou distintos acordos para eleixir representantes en distintos organismos. Co obxecto de defender os intereses do Concello consideramos conveniente facer algúns cambios que poden mellorar os obxetivos do Concello nas actuais circunstancias. Por elo é polo que formulamos a seguinte PROPOSTA:

O Pleno da Corporación designa como novos representantes nas seguintes Entidades e Organismos:

1.- Unha vez coñecida a dimisión de Antonio Domínguez, eleixir para a MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO RIBEIRO: MIGUEL FIDALGO AREDA.

2.- Sustituir a Celso Sotelo na FUNDACION VILA TERMAL PREXIGUEIRO por: FRANCISCO XABIER CARREIRA SEBIO.En Ribadavia a 31 de xaneiro de 2002".

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que con esto o que se pretende é unha maior pluralidade e participación nas institucións.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Dona María José Escudero Estévez e Don Antonio Domínguez Lorenzo); votos en contra, cinco (P.P.). Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a urxencia da moción presentada.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, cinco (P.P.); abstencións, unha (Don Antonio Domínguez Lorenzo).- Por conseguinte fica aprobada por maioría absoluta a moción presentada.

Don Francisco Alonso Fernández, concelleiro do grupo municipal do B.N.G., fai presentación do seguinte rogo:

**ROGO.-** Rogaríalle ó Sr. Alcalde que se sinalase axeitadamente a rúa de nova apertura que vai dende a rúa do

Carballiño ata a rúa Veronza, xa que hai sinais que se atopan colocados no medio da rúa.

Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Voceiro do grupo municipal do B.N.G., formula as seguintes preguntas:

**1º PREGUNTA.-** Interesaríalle saber en que situación se atopa a moción aprobada por esta Corporación, relativa á sinalización das rúas de Ribadavia.

Resposta o Sr. Alcalde: Aínda non se fixo nada, se ben procederáse ó pintado e sinalización das rúas o antes posible.

**2ª PREGUNTA.-** En relación coa gardería da Mancomunidade, interesalle saber se vai a estar provisionalmente na Casa de Cultura ata que rematen as obras e situación da cesión e obras para ubicación da gardería no colexio da Alameda e se se falou cos representantes dos centros escolares.

Resposta o Sr. Alcalde: Respecto da ubicación da gardería no colexio da Alameda sinala que o proxecto atópase feito e que se vai a asinar un convenio coa Consellería de Familia no que se establece unha aportación de dez millóns de pesetas; di que non falou cos responsables do Consellos Escolares nin co Delegado de Educación xa que tomou posesión hoxe; continúa dicindo que os inspectores de Familia visitaron varios locais e o único que reúne as condicións para unha ubicación provisional é a Casa de Cultura. Finaliza a súa intervención dicindo que se tratará de axilialas obras para poñer en funcionamento a gardería na súa sede definitiva o antes posible.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, para dicir que respecto á ubicación definitiva da gardería, solicítalle ó Sr. Alcalde a convocatoria da Xunta de Voceiros para falar desta cuestión.

**3ª PREGUNTA.-** Interésalle saber como se atopa o pago ós monitores, xa que ten entendido que a Escola Municipal de Balonman esta suspesida por falta de pago.

Resposta o Sr. Alcalde: Hoxe pagouse ata o pasado mes de novembro, quedando solucionado o problema.

**4ª PREGUNTA.-** Interesaríalle saber se algunha das antenas de telefonía móbil ubicadas no municipio ten licenza municipal

Resposta o Sr. Alcalde: Cre que ningunha ten licenza, sinalando que a Ordenanza aprobada polo Concello atópase en

fase de exposición pública e unha vez que sexa firme adoptaranse as medidas legais oportunas.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, para solicitar que se requira a Telefonica para que retire a antena que ten no edificio sito na Avda.de Redondela, a cal atopase fronte ó lugar onde está ubicada a gardería infantil.

**5ª PREGUNTA.-** Interesaríalle saber como se atopa o expediente pola realización dun galpón na zona da Veronza pola empresa Aopil S.L..

Resposta o Sr. Alcalde: Nestes intres non ten coñecemento de como se atopa o devandito expediente.

**6ª PREGUNTA.-** Interesaríalle saber se hai algunha explicación sobre a morte de peixes que ocorreu días pasados no río Avia.

Resposta o Sr. Alcalde: Nestes intres non ten explicación, dique Seprona recolleu mostras da auga e supón que lle darán traslado dos resultados.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, para rogarlle ó Sr.Alcalde que comprobe se a causa da contaminación do río Avia pode ser que o desaugadoiro do lavado da Etap da Franqueirán que vota nunha taxea que hai na N-120 e que vai a dar a zona da Veronza.

Resposta o Sr. Alcalde, para dicir que unha vez analizada a auga saberase o motivo.

**7ª PREGUNTA.-** Interesaríalle saber en que estado de execución se atopa a obra de saneamento en Francelos.

Resposta o Sr. Alcalde: Nestes intres aínda non se comezou.

Intervén o Sr. Carreira Sebio, para solicitar ó Sr. Alcalde que faga xestións para dita obra se faga canto antes, xa que se están producindo verquidos no río Outeiro.

**8ª PREGUNTA.-** Interesaríalle saber se o depósito existente na fonte da Oliveira é o axeitado, xa que se debido a que lle da a luz se forman algas e pensa que non é hixienico dende o punto de vista sanitario.

Resposta o Sr. Alcalde: Realizanse periodicamente análises da auga da fonte e nunca se nos dixo que non era apta para o consumo, se ben de todos modos tratará de consulta-lo asunto.

Don Miguel Fidalgo Areda, Voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., formula os seguintes rogos e preguntas:

**1º ROGO.-** En canto á ubicación da gardería no colexio da Alameda, rogaríalle ó Sr. Alcalde que se cumpran dúas condicións, a primeira, o límite de tempo na execución da obra de acondicionamento e en segundo lugar que, a cesión de uso do inmovible se faga ó Concello e non á Mancomunidade, en canto que é o verdadeiro e lexítimo propietario; continúa a súa intervención rogándolle ó Sr. Alcalde que se adopten as medidas oportunas co Conservatorio de Ribadavia xa que o mesmo non se adapta á LOGSE, co xeito de evitar que pase o mesmo que ca gardería, e polo tanto solicita que se fagan xestións para buscar unha ubicación definitiva.

Intervén o Sr. Alcalde, para manifestar que fará xestións con respecto ó tema do Conservatorio.

**2º ROGO.-** Rogaríalle ó Sr. Alcalde que se dote de persoal e mobiliario necesario a Casa de Cultura, Centro Social de Francelos e Centros Sociais do pobos, co xeito de dinamizar a actividade cultural.

**3º ROGO.-** Rogaríalle ó Sr. Alcalde que se retomasen as reunións sobre a organización da Feira do Viño e que o feito da dimisión do Presidente do Consello Regulador non afecte ó proceso.

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que falará co novo Presidente, xa que entende que se debe contar co Consello Regulador, e de seguido reanudaranse as reunións.

**4º ROGO.-** Rogaríalle ó Sr. Alcalde que se adoptasen as medidas oportunos para que se respetasen as condicións de limpeza, seguridade e ornato por parte das empresas que usan zonas públicas para o seus traballos.

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que tratará de actuar con máis firmeza neste tema.

**1ª PREGUNTA.-** En relación coa Estación de Autobuses interesarlle saber cál é a previsión de normalización da situación; di que é grave que dita instalación non teña licenza e que o tema non é un problema de papeleo, xa que faltan por solucionar diversos temas coma os accesos, regulamentos de xestión da estación.

Resposta o Sr. Alcalde: O Concello requeriu á empresa no ano 99 e 2000 para que presentase diversa documentación, a cal non se presentou; di que días pasados reuniuse cos técnicos e manifestaron que nos vindeiros días trataríanse

de solucionar los problemas existentes. Finaliza a súa intervención dicindo que a urbanización ten que facela o Concello, sinalando que non existen problemas coa congregación dos Irmáns de San Xoan de Deus.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, para sinalar que quen ten que legaliza-la obra é a Xunta de Galicia, xa que é o organismo promotor da mesma; sinala que este tema lévase dicindo dende hai varios anos polo seu grupo, indicando que esta obra é unha chapuza máis.

**2ª PREGUNTA.-** En relación coa situación de Arxentina no pasado Pleno aprobouse unha moción e pensa que debería repercutir en cousas concretas; di que aparte do que faga a Deputación Provincial e outras institucións, pensa que o Concello de Ribadavia debería trata-lo tema con sensibilidade dado o número de persoas de Ribadavia que viven naquel país, polo que solicita que se asigne o traballo de información e búsqueda de datos e axudas a persoal do Concello e se busquen apoios en asociacións, así coma que na propia Mancomunidade se cree un servizo de apoio ós emigrantes na Arxentina.

Resposta o Sr. Alcalde: Nestos días púxose en contacto alguen do distrito arxentino de Ribadavia de xeito de que se producirá un irmanamento e aproveitou a ocasión para solicitarlle relación de persoas de Ribadavia que viven en Arxentina; finaliza a súa intervención para sinalar que dita cuestión vai a ser abordada na Mancomunidade.

**3ª PREGUNTA.-** Interésalle saber como se atopa o expediente de segregación de Portalaxe, xa que na pasada lexislatura aprobouse unha moción sobre esta cuestión. Finaliza a súa intervención dicindo que existen condicións urbanísticas, culturais e sentimentais para a segregación, solicitando a dinamización de dito expediente.

Resposta o Sr. Alcalde: E un tema que non tocou, se ben intentará retoma-lo tema.

**4ª PREGUNTA.-** Interésalle saber cales son as actuacións as que van encamiñadas ós diversos programas europeos concedidos (Leader Plus, Equal e Interreg), solicitando unha comisión para que se informe de ditos asuntos.

Resposta o sr. Alcalde: Respecto do programa Equal facilítaselle copia das memorias; en canto ó Plano Leader Plus, di que se vai a constituír unha oficina en Santiago de Compostela e de seguido manterase unha xuntanza para explica-las actuacións ás que van encamiñadas, indicando que as mesmas están máis orientadas á iniciativa privada.

E sendo as oito e media do serán, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.